

**Acta da reunión do Consello de Departamento****ASISTENTES**

Anido Rifón, Luis E.  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
Fernández Vilas, Ana  
García Duque, Jorge  
Gil Castiñeira, Felipe  
Herrería Alonso, Sergio  
Mikic Fonte, Fernando Ariel  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Sousa Vieira, Estela  
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo

López Escobar, Juan José

González González, Jaime  
Rúa Estévez, José Manuel

**ESCUSAN ASISTENCIA**

Álvarez Sabucedo, Luis M.  
Burguillo Rial, Juan C.  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Fernández Veiga, Manuel  
Gil Solla, Alberto  
Llamas Nistal, Martín

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 18 de outubro de 2024, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O 18 de outubro de 2024 ás 13:04 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Non tendo recibido alegacións, queda aprobada a acta do día 11 de xuño de 2024.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- Os acordos positivos alcanzados nas últimas xuntanzas da Comisión Permanente 5/VII, 11/VII, 24/VII, 9/IX e 18/IX, relativas a cambios menores no POD, a permisos de máis de 15 días solicitados, e a aprobación da produción de investigación e transferencia do 2023.
  - Finalización do traballo das CEAs que permiten a creación de dúas listas de agarda: unha orientada á docencia en inglés e outra a docencia en galego/castelán.
  - Aceptación do contrato programa presentado pola vicerreitora de profesorado ó recoller tódalas solicitudes realizadas segundo acordos das reunións do Consello do DET nas que se debateu sobre o devandito contrato programa.
3. Aprobación, se procede, do aval do Departamento para a concesión do título de Doutora Honoris Causa á Dr.<sup>a</sup> D.<sup>a</sup> Begoña Vila Costas.

O Director le o escrito do aval remitido polo profesor Fernández Veiga. Apróbase, por unanimidade, o devandito aval.

4. Rogos e preguntas.

O profesor Costa Montenegro e o Dr. Enx. Fondo Ferreiro solicitan aclaración ó respecto da información remitida pola Vicerreitoría de Profesorado, e este último solicita se comparta de oficio toda a documentación que se vaia recibindo relativa ó contrato programa e prazas de profesorado.

O Director aclara que:

- Non houbo cambios en canto que se lle concedeu Departamento o que éste solicitou (unha praza de axudante doutor para o seguinte concurso) tal e como se informou no primeiro punto.
- Sobre a praza concedida, no documento faise mención explícita ó programa Integra, que é a vía de financiación empregada para a praza concedida ó departamento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:16 do día 18 de outubro de 2024, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e prace do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González